



PROXECTO EDUCATIVO

-Escola Infantil -



a) ANALISE DO CONTEXTO.

a.1) Características do centro:

-Titularidade e financiamento.

A titularidade é do Concello de Barbadás, o centro finánciase cos recursos xerais do Concello de Barbadás, coas aportacións da Xunta de Galicia e coas tarifas que aboarán as familias.

-Niveis educativos que escolariza: número de unidades.

Son Educación Infantil de 0-3 anos, o número de unidades son:

- De 0-1 ano: 2 aulas
- De 1-2 anos: 3 aulas
- De 2-3 anos: 2 aulas

-Situación xeográfica.

Está situada na mesma zona escolar que o Colexio Público "Filomena Dato" no Concello de Barbadás, no lugar da Valenzá. Nesta zona hai unha grande demanda dos servizos da Escola Infantil porque nela viven moitos matrimonios novos.

-Descrición breve das instalacións.

- 2 aulas de bebés sen baño e con zona de descanso
- 3 aulas de 1-2 anos con baño compartido, con zona de descanso
- 2 aulas de 2-3 anos con baño compartido
- Sala de usos múltiples
- Comedor
- Oficina
- Botica de primeiros auxilios
- Patio exterior de xogos
- Cociña
- Sala de lavandaría
- Despensa

Ten grandes ventanais e amplo material didáctico, o mesmo que o mobiliario que cumpre a normativa e polo tanto está homologado.



O centro ten unha capacidade de 102 prazas. Pero ó ter un aula menos de 2-3, e entón un aula mais de 1-2 anos, a capacidade é de 95 prazas nenos/as en quendas de xornada completa e media xornada.

-Servizos que ofrece:

- Servizo de almorzo.
- Servizo de xantar.
- Servizo de merenda.

-Relación coas familias.

A relación coas familias é diaria practicamente, aínda que as titorias están fixadas desde as 14:00 horas ás 15:00 horas e das 19:30 h. ás 20:30 h.

Farase a través de reunións de tipo informativo.

1. Para comentarlles a nosa metodoloxía e os traballos que realizan os seus fillos/as, isto faríase a inicio de curso.

-Descrición breve dos recursos e materiais:

- Material de documentación - expositores
- Material para espazos amplos
- Material de aula
- Material didáctico e funxible
- Material informativo
- Material audiovisual
- Material manipulativo

-Horario de centro.

De 7,30 horas da mañá ata ás 20:30 horas.

a.2) Características do alumnado:

-Número de alumnas/os, idades e agrupamentos.

O número de alumnos/as é de: 91 nenos/as e temos 5 prazas reservadas.



Concello de Barbadás

As idades están comprendidas entre os 3 meses e os 3 anos de idade.

Agrupamentos:

1. De 0-1 anos (2 aulas de 7 nenos/as) e dúas prazas reservadas para o departamento de S. Sociais.
2. De 1-2 anos (3 aulas de 12 nenos/as) quedan tres prazas reservadas, igual que no apartado anterior.
3. De 2-3 anos (2 aulas de 20 nenos/as) 40 alumnos

-Tipo de relacións entre o alumnado.

Os alumnos/as están separados por idades pero a determinados momentos do día, agrúpanse para xantar, merendar e para algúns xogos.

-Procedementos de información ás familias.

Informaselles das 14:00 horas as 15:00 horas, e das 19:30 horas a 20:30 horas

a.3) Características do persoal que traballa non centro:

-Número e funcións.

O número é de 12 persoas.

O persoal do centro:

-Coordinadora do centro

-Persoal docente formado por:

- 1 Técnica Superior en Educación Infantil que é tamén coordinadora
- 6 Técnicas Superiores en Educación Infantil
- 1 mestra
- 3 Persoais de apoio (Asistentes de Infantís)

-Persoal de Servizos formado por:

- 1 Cociñeira
- 1 Limpadora



Funcións:

A Coordinadora, é a encargada do centro

As funcións da Coordinadora

- Elaborar memoria anual do centro (coordinando o traballo das titoras de aula).
- Elaborar e presentar o Proxecto Educativo.
- Autorizar actuacións extraordinarias para o normal desenvolvemento.
- Convocar e presidir reunións do persoal.
- Poñer atención personalizada ós usuarios/as tanto a través do desempeño da función educativa como directiva.
- Comunicarlle ó Concello as incidencias relativas ás necesidades de mantemento do centro, baixas do persoal, necesidades materiais e calquera acontecemento.
- Exercer a garda dos menores ingresados non centro acorde co previsto na lexislación vixente.
- Supervisar, coordinar e facer cumprir o correcto desenvolvemento das actividades programadas
- Cumprir e facer cumprir as leis, disposicións vixentes, e o Regulamento do Réxime Interior.
- Coordina as actividades.
- Decide sobre o destino das diversas dependencias e autoriza calquera clase de actos que se celebren no recinto do centro, sobre os propios de seu normal funcionamento.
- Dirixe e inspecciona todos os servizos do centro.

As funcións das Técnicas Superiores en Educación Infantil e da Mestra son:

- Desempeñar a función educativa na formación integral dos nenos/as dentro da súa aula.
- Coidar a orde en cada un das súas aulas ou na aula común.
- Recoller e ordenar o aula da sesta.
- Cumprir o horario establecido para os nenos/as e o seu propio.
- Coidar da orde, seguridade, entretemento, alimentación e aseo persoal dos nenos/as da súa aula.
- Axudar na realización das actividades programadas.
- Participar na elaboración do Proxecto Educativo.
- Participar na elaboración da programación anual



As funcións do Persoal de Apoio (Asistentes Infantiles) son:

-Axudar en todas as tarefas que as educadoras lles soliciten

As funcións do/a Administrativo/a son:

-É o/a responsable da xestión económica do centro baixo a supervisión da Coordinadora.

-Confeccionar a memoria económica anual e así mesmo o Proxecto do Presuposto Xeral do Centro, correspondente a cada exercicio económico.

-Tramitar os pedidos do material e ordenar os pagamentos coa aprobación do/a Coordinador/a cando sexan de maior coantía, administrar e xestionar os servizos de compra, conservación do local, obras e, en xeral, de tódolos servizos comunitarios.

-Dispor da conta bancaria do Centro conforme ós poderes que teña outorgados.

-Manter informado o/a Coordinador/a sobre a situación e marcha económica do Centro.

-Presentar á Coordinadora, cada trimestre un informe sobre a marcha económica do Centro.

As funcións da encargada da limpeza son:

- Encargada da orde e limpeza das distintas estancias, agás o comedor.

-Orde, distribución e mantemento dos materiais encomendados.

As funcións da encargada da cociña son:

-Encargada da preparación dos menús. Responsabilizarse do bo estado dos alimentos e da súa preparación.

-Encárgase da limpeza da cociña e do comedor, así como dos utensilios de cociña, ademáis de ter preparada a roupa dous berces, cortinas e babeiros.



-Formación:

Todo o persoal posúe a titulación esixida.

-Mestras, Técnicos Superiores de Educación Infantil, Asistentes infantís.

-Distribución das tarefas

-9:30 ás 11:30→ Aulas. É o momento no que se pon en práctica o desenvolvemento da programación da aula .

-11:45 ás 12:30→ Xantar do alumnado que come puré.

-12:45 ás 12:20 → Xantar do alumnado de comida sólida.

-12:30 ás 13:10 → Preparar o alumnado que se vai para a casa. E os que dormen as sesta.

-13:20 a 15:00→ Sesta

-15:00 a 15.30→Levantar e preparar aos nenos/as para marchar

-17:00 a 17:30→ Merenda

-Mecanismos de información entre o persoal.

A información entre o persoal é sempre a través de reunións.

Criterios que se seguen para a distribución do alumnado.

A distribución do alumnado por aulas tézase en conta, o número de alumnos, idades, ciclo, criterios pedagóxicos e lexislación vixente.

A4) Características do contorno:

-Localización.

A Escola Infantil está situada na mesma zona escolar que un dos colexios públicos do Concello de Barbadás



-Lingua empregada

A materna, castelán e galego.

-Servizos que nos ofrecen para os/as nenos/as.

- Servizo de almorzo
- Servizo de xantar
- Servizo de merenda

-Relacións que mantén a escola cos recursos do contorno

- Visita ó Colexio Filomena Dato
- Visita o Xardín dos Parrulos
- Visitar as exposicións da casa da Cultura.
- Visita a Biblioteca

-Relacións con outros centros.

Co Colexio Filomena Dato por estar situado enfrente.

-Cómo se traballa cos/as nenos/as e o coñecemento do contorno social e natural.

-Por medio de saídas, fotografías, vídeos, etc,...

b) SINAIS DE IDENTIDADE

Escola Municipal aconfesional

Definición da escola:

Escola de nova creación, con espazos amplos, soleada e ben equipada.

-Confesionalidade da escola segundo a lexislación vixente.



Aconfesional: pero respectamos as crenzas das familias dos/as alumnos/as e o profesorado.

-ORIENTACIÓNS METODOLÓXICAS DO PRIMER CICLO

Os/as nenos/as constrúen as súas aprendizaxes en interacción co medio en que se desenvolven, tanto polas persoas como polos obxectos.

Espazos

O equipo educativo deseñará o ambiente e organizará os espazos para satisfacer as súas necesidades. A organización dos espazos deberá garantir a súa flexibilidade e isto será tamén para os espazos exteriores.

-Tempos:

Deberá ser moi flexible para adecuarse ós ritmos de actividade e descanso. Terase especial precaución en evitar a diferenciación entre momentos lectivos e outros máis lúdicos ou asistenciais.

-Relación co Entorno:

Os dous polos principais de relación co medio social durante o primeiro ciclo da educación infantil son a escola e a familia, polo que as relacións que se establezan entre unha e outra serán fundamentais.

O equipo directivo debe ter en conta o contexto sociocultural e familiar dos/as nenos/as para garantir necesariamente conexión entre os dous ámbitos.

Para facilitar o tránsito do ambiente familiar ó escolar, deberase coidar de un xeito especial o período de adaptación.

-Colaboración coas familias



Deberá terse en conta a colaboración coas familias establecendo canles para o intercambio de información, así como a súa consecvente participación na vida da escola.

- O día do árbore, 21 de Marzo, plantaremos no patio unha árbore cos/as nenos/as de dous a tres anos.
- No mes de Xuño realizarase un contacontos cos/as nenos/as da escola.

b) Obxectivos.

- Tomar conciencia do propio corpo identificando global e segmentariamente.
- Recoñecer os sentidos como fontes de sensacións empregados para o coñecemento do seu mundo circundante.
- Adquirir destrezas e habilidades manipulativas aplicándoas ó manexo de útiles e materiais presentes no seu contorno
- Adquirir control postural e dinámico do seu corpo mantendo o equilibrio necesario entre a seguridade e o desafío na exploración e no descubrimento.
- Afianzar a propia personalidade equilibrando a afirmación das preferencias co respecto ás necesidades comúns do grupo.
- Afianzar autoestima esforzándose no desenvolvemento das actividades cotiás.
- Iniciarse no control do propio comportamento relacionando a identificación das emocións e intereses coa interiorización das normas e valores sociais.
- Iniciarse na tolerancia da frustración demorando a satisfacción dos desexos .
- Satisfacer as súas necesidades básicas adquirindo hábitos de coidado persoal.
- Iniciarse nos valores de solidariedade, tolerancia e respecto .

Os contidos educativos da educación infantil organizanse en áreas que son:

- Coñecemento de si mesmo e autonomía persoal.
- Coñecemento do Contorno.
- Linguaxes: Comunicación e representación .



-Asignación de educadores aos grupos.

Os grupos de 20 nenos/as de (2 a 3 anos) teñen unha educadora por aula

Os grupos de 13 nenos/as de (1 a 2 anos) teñen unha educadora por aula

Os grupos de 8 nenos/as de (0 a 1 ano) teñen unha educadora por aula.

-Número de educadores por grupo.

Un por grupo.

Tres persoas de apoio.

-A dimensión do grupo.

De 2-3 anos →20 nenos/as

De 1-2 anos →13 nenos/as

De 0-1 ano→ 8 nenos/as

-A composición do grupo.

Temos dúas aulas de 2-3 anos.

Temos tres aulas de 1-2 anos .

Temos dúas aulas de 0-1 anos.

-A titoria na escola infantil.

Calquera día das 14:00 ás 15:00 horas e das 19:30 horas ás 20:30 horas.

-O equipamento e os recursos didácticos.

-Mesas, cadeiras

-Xogos

-Contos, crebacabezas

-Colchonetas.



Concello de Barbadás

-Coches.

-Correpasillos

-Bonecos.